



*RESOLUCIÓN pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2020/2021 ao persoal docente pertencente ao corpo catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Mediante Resolución do 17 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia n.º 127, do 29 de xuño) de 2020, convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/2021 entre o persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo

Con base no disposto no punto sétimo da dita resolución, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**RESOLVE:**

Primeiro. Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2020/2021 ao persoal docente pertencente ao corpo de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo. Ordenar a publicación da resolución provisional do concurso no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>

Terceiro. De conformidade co establecido no punto sétimo da Resolución do 17 de xuño de 2020, o prazo para formular reclamacións ou renuncias contra a resolución provisional do concurso é o comprendido entre o día seguinte ao da súa publicación no portal da internet da





Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> e o 3 de setembro de 2020.

As reclamacións formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación de xeito presencial, a persoa que a realice presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

As renuncias á resolución provisional do concurso realizaranse a través de <http://edu.xunta.es/cadp> e non resultará necesaria a súa presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Por suplencia (Resolución do 20/07/2020)

Jesús Oitavén Barcala

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

